

**SEMANA DO ACCESO ABERTO: Do 25 ao 31 de outubro de 2021**

**"It Matters How We Open Knowledge: Building Structural Equity" = "Importa como abrimos o coñecemento: Construindo a equidade estrutural"**

<b>Obradoiro "Pensa en verde! Deposita os teus traballos en Investigo"</b>	
<b>Modalidade</b>	Presencial
<b>Metodoloxía</b>	Obradoiro práctico cunha duración de 90 minutos de exposición teórica e práctica con quenda de preguntas.
<b>Datas e horarios</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 26 de outubro, de 10.00 a 11.30 h, campus de Vigo.</li> <li>• 27 de outubro, de 10.00 a 11.30 h, campus de Ourense.</li> <li>• 29 de outubro, 10.00 a 11.30 h, campus de Pontevedra.</li> </ul>
<b>Duración</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 1,5 h.</li> </ul>
<b>Lugar</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Campus de Vigo. Edificio Miralles, sala 20.</li> <li>• Campus de Ourense. Biblioteca Rosalía de Castro, sala de Formación.</li> <li>• Campus de Pontevedra. Facultade de Fisioterapia Aula de Informática.</li> </ul>
<b>Destinatarios</b>	Persoal docente e investigador e alumnado de doutoramento da UVigo.
<b>Impartido por</b>	Carmen Barros Otero responsable do repositorio institucional da Biblioteca Universitaria.
<b>Inscripción</b>	<p>A inscrición realizarase por correo-e a <a href="mailto:referencia@uvigo.gal">referencia@uvigo.gal</a> co asunto: «Inscripción obradoiro Investigo (con indicación do campus).</p> <p>*Incluír o nome completo e DNI para a emisión do certificado de asistencia.</p>

**Descrición**

Publicar en acceso aberto converteuse nun dos requirimentos da maioría dos organismos públicos de financiamento da investigación. Este obradoiro quere familiarizar o persoal investigador da UVigo coa vía verde, coñecida tamén como vía de autoarquivo, que consiste en depositar nun repositorio de acceso aberto os traballos previamente publicados. Explicaranse na práctica os pasos para depositar traballos no repositorio institucional Investigo e as vantaxes que isto supón para compartir e visibilizar a produción científica ao tempo que se cumpre coas políticas e cos mandatos de acceso aberto.

### **Obxectivos**

- Aclarar conceptos relacionados co acceso aberto
- Explicar os beneficios de depositar os documentos no repositorio
- Familiarizar os participantes co uso do repositorio institucional Investigo
- Identificar as políticas de auto-arquivo dos editores
- Resolver dúbidas relacionadas co depósito de publicacións en Investigo

### **Resultados de aprendizaxe**

O persoal investigador poderá autoarquivar artigos científicos en Investigo podendo elixir entre as diferentes opcións de acceso existentes (aberto, pechado, restrinxido, embargado).

O persoal investigador poderá identificar a política de auto-arquivo dunha revista na que quere publicar segundo a información dispoñible na páxina web do editor ou na base de datos SHERPA/ROMEO.

### **Avaliación e certificación**

Os asistentes á sesión recibirán un certificado de asistencia emitido pola Biblioteca Universitaria.

### **Máis información:**

[Universidade de Vigo. Semana do Acceso Aberto 2021](#)